



1º CERTAME DE RELATO CURTO EN LECTURA FÁCIL

Co obxectivo de visibilizar o talento das persoas con discapacidade intelectual de promover a cultura, elaboración de información e comunicacións en lectura fácil, FADEMGAL Galicia convoca o Primeiro Certame de relato curto en lectura fácil.

CATEGORÍAS

CATEGORIA A: Persoa con discapacidade menor de 18 anos (categoría xuvenil)

CATEGORIA B: Persoa con discapacidade maior de 18 anos (categoría adulta)

BASES

A persoa que participe....

- Poderán concursar todas as persoas **con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que o desexen** (pertenzan ou non a unha entidade federada) co apoio dun profesional, voluntario, familiar etc.

O relato:

TEMA: Con motivo do 40 aniversario da federación, a temática do relato xirará en torno ao "Número 40". **Deixade voar a imaxinación!** Admitiremos calquera relato que inclúa este número na historia.

- O relato deberá ter unha extensión mínima de 8 follas e máxima de 15.
- Terá que axustarse ás nomas da lectura fácil e estar escrita en galego.
- Admitirase un máximo de 2 obras por autores en cada modalidade.

- Os traballos deberán ser grupais e os grupos estarán compostos por unha ou varias persoas con discapacidade intelectual e unha ou varias persoas de apoio (profesional, familiar, voluntario...)
- Todas as obras constarán de título e estarán asinadas cun pseudónimo.
- Deberán ser orixinais e inéditas (Non ter sido presentadas nin premiadas noutro certame)
- Os e as participantes cederán os dereitos das obras así como da súa difusión en exclusiva a FADEMGGA Plena inclusion Galicia.

COMO E ATA CANDO PRESENTALA?

Dentro dun sobre incluírase o traballo orixinal, escrito en formato electrónico e asinado co pseudónimo dos autores e a categoría (A ou B).

Dentro dese sobre, incluírase outro sobre pechado no que figurarán o nome e apelidos dos autores, así como a súa entidade, idade, domicilio e teléfono de contacto.

Este sobre só se abrirá unha vez seleccionados os traballos gañadores.

As obras presentadas a concurso, deberán estar na sede da federación o **28 de xuño** de 2019.

Deberán enviarse á seguinte dirección e co seguinte asunto:

FADEMGGA Plena inclusion Galicia

“I CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO EN LECTURA FÁCIL”

Vía Pasteur, nº53-A. Polígono do Tambre.

Santiago de Compostela, 15890. (A Coruña)

XURADO E AGASALLOS

O xurado estará composto por xunta directiva, profesionais da federación e persoas con discapacidade intelectual con experiencia no ámbito da validación de textos en lectura fácil.

Valorarase a orixinalidade da obra e o seu cumprimento da normativa da Lectura Fácil.

O fallo darase a coñecer o 20 de setembro de 2019 mediante a nosa web e redes sociais.

Os premios serán entregados no Acto 40 Aniversario da Federación (16 de novembro en Santiago de Compostela)

Outorgarase un Primeiro Premio composto por un lote de libros adaptados a lectura fácil así como dúas Mencións de Honra en cada categoría.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserto o concurso, no caso de que as obras non cumpran as bases do mesmo.